



A resolución sobre a interpretación do decreto polo que se fixan os prezos correspondentes ós estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario galego do 19 de xullo do 2001 establece no artigo segundo parágrafo 3º que o recoñecemento de créditos de libre elección será do 100 % do valor do crédito que establece o decreto da Xunta de Galicia que regula os prezos públicos.

Por outra parte, a resolución do 20 de xullo pola que regulan as axudas e subvencións de prezos públicos na Universidade de Santiago de Compostela para o curso académico 2001 /2002 pola matrícula que realicen os beneficiarios das mesmas

Tendo en conta que os créditos de libre elección que matriculan os alumnos, con independencia do sistema que elixan para a súa realización forman parte dos contidos formativos que deben cursa-los alumnos para a obtención dunha titulación dictase a seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Ó recoñecemento de créditos de libre elección que realicen os alumnos seralles de aplicación, ós efectos de liquidación de prezos públicos, as axudas, subvencións e exencións igual que as demais materias dos planos de estudos.

Segundo.- Os créditos matriculados polos alumnos para ser recoñecidos como de libre elección deberán ser certificados, ó igual que as demais materias, nas correspondentes compensacións que ós efectos haxa que solicitar as administracións correspondentes.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2001

O RECTOR

(P.D.r.r do 25 de outubro de 2001)

O VICERRECTOR DE PROFESORADO



Castor Méndez Paz